



BATERÍA DE MEDIDAS URXENTES PROPOSTA POR ESCENA GALEGA (ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS) Á AGADIC (AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS) PARA AFRONTAR OS EFECTOS NO SECTOR ESCÉNICO PROFESIONAL GALEGO DERIVADOS DA CRISE DO CORONAVIRUS/COVID19.

En Santiago de Compostela, a venres 20 de marzo de 2020

1. Sobre a convocatoria de subvencións á creación escénica correspondente ao 2019. Medidas a implementar:

- As compañías con axuda á creación escénica no 2019 que, por mor da crise do Coronavirus-Covid19, teñen suspendidas as estreas dos seus espectáculos deberán xustificar documentalmente que esa estrea efectivamente se ía realizar (contrato co espazo titular ou algunha outra proba documental)
- Unha vez xustificada esta data de estrea, as compañías, aínda sen ter de facto feita a estrea nos prazos que marca a convocatoria, poderán proceder á xustificación da axuda concedida, nos termos marcados na mesma.
- Unha vez xustificada correctamente a subvención a compañía poderá cobrar o 90% da axuda concedida.
- O 10% restante queda supeditado á xustificación documental, nos termos que marca a convocatoria, das 8 funcións, que poderán celebrarse durante todo o ano 2020 ou, en todo caso, solicitamos a ampliación ou flexibilización do límite máis aló do 30 de setembro.
- Aquelas compañías que se viran obrigadas a paralizar procesos de ensaio antes da estrea deberán poder xustificar os gastos efectuados ata ese momento.

2. Sobre o funcionamento da RGTA (Rede Galega de Teatros e Auditorios):

Flexibilización máxima da normativa da Rede, nos seguintes aspectos:

- Posibilitar a programación en espazos non adheridos á Rede, dentro do propio Concello do espazo adherido.
- Promover e facilitar a programación en marcos temporais non habituais (por exemplo, o vindeiro verán)
- Posibilitar que a programación da anualidade 2020 poida extenderse ao comezo do ano 2021, habitualmente un mes con pouca programación dentro da Rede.



- Posibilitar e facilitar a programación en funcións escolares.
- Facilitar ao máximo o acceso ao orzamento destinado a cada Concello, incluso sen ter xustificadas as funcións suspendidas pola presente crise.
- En xeral, todas as medidas concretas que aseguren a execución do 100% das funcións contratadas e a execución do 100% do orzamento previsto.
- O aboamento, por parte da Agadic ás compañías, da porcentaxe dos cachés que aporte a Axencia en todas as funcións suspendidas dentro da Rede nos meses de marzo e abril ou, en todo caso, todo o tempo que se alongue esta situación, flexibilizando a normativa actual. A compañía deberá facturar directamente á Agadic.

3. Sobre as coproducións co CDG (Centro Dramático Galego) e co CCG (Centro Coreográfico Galego):

- Facilitar ao máximo o acceso á xustificación das mesmas nun marco parecido ao das axudas a creación escénica exposto no punto 1, aínda sen ter levado a cabo os termos das coproducións (estreas, número de funcións ata unha data límite, etc.)

4. Sobre as subvencións ás actividades de distribución para industrias culturais (normalmente coñecidas como distribución interior e exterior):

- Posibilitar que as compañías que teñan realizadas funcións dentro do seu plan de distribución interior e exterior poidan xa xustificar as mesmas e acceder ao cobro.

5. Creación dunha axuda extraordinaria á distribución que permita que, unha vez rematada esta crise, as artes escénicas poidan de novo chegar a toda a cidadanía e que supoña un impulso económico para as empresas produtoras.

6. Avanzar, durante o período que dure o Estado de Alarma, en canto trámite e carga de traballo se poida realizar dende a Agadic mediante o teletraballo do persoal da Axencia, no temor de que unha vez se recupere a actividade presencial habitual o ritmo da entidade se vexa colapsado e os resultados desta medidas ralentizados.

7. Creación dun comité de seguimento entre a Agadic e o sector escénico profesional para medir, avaliar, facer seguimento e implementar novas medidas se é necesario para paliar os efectos desta crise no sector.



- 8. Complementar, dentro do marco competencial da Agadic, as medidas enfocadas á viabilidade da actividade de profesionais autónomos/as e PEMES anunciadas polo Goberno.**

- 9. En termos xerais, o reenfoque da programación cultural do Xacobeo 2021 para dar difusión, promocionar e fortalecer a produción cultural galega profesional.**

- 10. En termos xerais, a xestión o más rápida posible, a nivel de tesouraría da Agadic, da implementación destas medidas, para que as empresas produtoras poidan acceder a liquidez para o seu gasto estrutural no menor tempo posible.**

- 11. Implementar unha potente campaña de promoción da nosa cultura, artellada e organizada de maneira coordinada nos niveis autonómico, provincial e local, que posibilite a volta dos públicos aos teatros e actividades culturais.**